



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO
R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo
15406 (Ferrol)
Tel./Fax.: 981 32 47 12
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com



MEMORIA DEPORTIVA TEMPADA 2007/2008

Ao longo da Tempada 2007/2008 o Club Natación Ferrol-Elinco participou en tódalas competicións organizadas pola Federación Galega de Natación, así como nos distintos Trofeos celebrados na nosa comunidade (Trofeo Nadal de Vigo, Trofeo Concello de Narón, Memorial Juan Varela, Promesas do Lérez Pontevedra, etc.)

No referente a organización de probas, ademais das distintas xornadas da Liga Benxamín, Liga Alevín, Liga Infantil e Liga Absoluta que tiveron carácter local; destacar a organización do **Campionato Galego Categoría Alevín e a Copa Galega Benxamín** a celebrar os días 7 e 8 de Xuño e 21 de Xuño do 2008, respectivamente na Piscina Municipal de Caranza.

Subliñar, que somos o Club que máis competicións oficiais organiza da Federación Galega de Natación.

Nos éxitos deportivos máis importantes sinalar os seguintes:

CATEGORÍA BENXAMÍN:

Disputáronse cinco xornadas, nas que o noso Club clasificouse para participar na Copa Galega Benxamín. Acadando o posto noveno posto na clasificación final.

CATEGORÍA ALEVÍN:

Disputáronse seis xornadas nas que o noso Club acadou o terceiro posto na clasificación conxunta.

Destacar nesta categoría a participación no **Campionato Galego Alevín**, onde o Club Natación Ferrol-Elinco acadou o cuarto posto na clasificación conxunta (1º posto na feminina e 8º posto na masculina).

A nivel individual destacar as medallas conseguidas polos nadadores **David Freire e Héctor Pérez**, na categoría masculina. Na categoría feminina destacar as medallas de: **Nerea López, Laura Santalla, Delia Salgueiro, Irene Sáenz e Paula Cernadas**. Así como as conseguidas nas probas de relevos polo equipo feminino.

Destacar nesta categoría a presenza de tres nadadoras no Campionato de España Escolar, celebrado en Mérida no mes de Xullo, conseguindo a nadadora Nerea López, unha medalla de bronce na proba de relevos co equipo de Galicia.

CATEGORÍA INFANTIL:

Disputáronse seis xornadas nas que o noso Club acadou o sétimo posto na clasificación conxunta.

Destacar nesta categoría a participación no **Campionato Galego infantil de inverno** celebrado en Pontevedra os días 23 e 24 de Febreiro do 2008, na piscina de Rías do Sur, onde o Club Natación Ferrol-Elinco acadou o oitavo posto na clasificación conxunta (5º posto na feminina e 13º posto na masculina).



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



A nivel individual destacar as medallas conseguidas polas nadadoras **Laura Cernadas, Sarai Rivera e Fátima Sánchez.**

E a participación no **Campionato Galego infantil de Verán** celebrado en Santiago os días 5 e 6 de Xullo do 2008, na piscina de Santa Isabel, onde o Club Natación Ferrol - Elinco acadou o noveno posto na clasificación conxunta (5º posto na feminina e 10º posto na masculina) a nivel individual destacar as medallas conseguidas polas nadadoras **Laura Cernadas, Sarai Rivera e Aldara Sedes.**

CATEGORÍA JÚNIOR:

Subliñar nesta categoría que a maioría dos nadadores e nadadoras participaron na Liga Absoluta.

A destacar nesta categoría a participación no **Campionato Galego Júnior celebrado conxuntamente co absoluto de inverno** celebrado en Santiago os días 28, 29 e 30 de Decembro do 2007, na piscina de Santa Isabel, onde o Club Natación Ferrol - Elinco acadou o 2º posto na clasificación conxunta (1º posto na feminina e 10º posto na masculina). A nivel individual destacar as medallas conseguidas polas nadadoras **Claudia Villar, Alba Sáenz, Alba García, Coral García, Inés Ferreira, en probas individuais e de relevos.**

E a participación no **Campionato Galego Júnior de Verán** celebrado en Pontevedra os días 11, 12 e 13 de Xullo do 2008, na piscina de Rías do Sur, onde o Club Natación Ferrol - Elinco acadou o 3º posto na clasificación conxunta (1º posto na feminina e 13º posto na masculina).

A nivel individual destacar as medallas conseguidas polas nadadoras **Claudia Villar, Alba Sáenz, Alba García, Coral García, Inés Ferreira, en probas individuais e de relevos.** Na categoría masculina, destacar a medalla de **Miguel Sanjuán.**

Nesta categoría os nadadores **Miguel Sanjuán e Claudia Villar** acadaron mínima para participar no **Campionato de España Júnior e Absoluto de Verán** celebrado en Terrasa os días 5, 6, 7 e 8 de Agosto do 2008.

CATEGORÍA ABSOLUTA:

Nesta categoría acadamos o ascenso a División de Honra da liga galega de Clubs.

Nos **Campionatos Galegos de Inverno celebrados en Santiago (Santa Isabel)** obtivemos o sexto posto na clasificación conxunta (6º posto na clasificación masculina e 6º posto na clasificación feminina).

A nivel individual, destacar as medallas acadadas polos nadadores **Marcos García, Alberto Fernández e Roi González.** Así como nas probas de relevos.

Nos Campionatos Galegos de Verán celebrados en Pontevedra (Rías do Sur) obtivemos o cuarto posto na clasificación conxunta, (3º en masculino e 5º en feminino). A nivel individual, destacar as medallas acadadas polos nadadores **Marcos García e Roi González,** así como os primeiros postos dos distintos equipos de relevos masculinos.



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



Destacar tamén dentro deste Campionato, a plusmarca galega conseguida polo nadador Marcos García, na proba de 50m Libres.

Xa con relación aos Campionatos de España, destacar a participación nesta categoría do nadador **Marcos García** no campionato de España de Inverno, en Gijón do 19 ao 22 de decembro do 2007. Así como no Campionato de España Open de Primavera celebrado en Palma de Mallorca (do 3 ao 6 de abril do 2008), onde acadaba un posto de finalista B na proba de 100 Bolboreta. Este mesmo nadador participaría tamén no Campionato de España de Verán celebrado en Terrasa aínda que nesta ocasión o noso Club tamén contaría coa participación doutros dous nadadores máis: **Alberto Fernández e Héctor García**, que xunto co nadador júnior **Miguel Sanjuán** completarían o equipo de relevos de 4x50 Libres que defendeu o noso Club neste Campionato.

Xa para rematar destacar a participación coas distintas seleccións galegas do nadador Marcos García, que participaría no campionato de España por Autonomías en Valladolid do 2 ao 6 de maio do 2008.

Así como a nosa nadadora infantil Sarai Rivera, que participaría coa selección Galega no Campionato Interterritorial de Comunidades Autónomas , celebrado en Madrid o 9 e 10 de febreiro do 2008.

PROXECTOS DEPORTIVOS PARA A TEMPADA 2008 / 2009

Ao igual que en todas as tempadas anteriores, participaremos nas competicións organizadas pola Federación Galega de Natación, así como nos distintos Trofeos da nosa Comunidade, sendo os Campionatos de España unha das metas individuais máis importantes dos nosos mellores nadadores.

Este ano as metas principais para o noso Club son:

- Manternos na División de Honra da Copa Galega de Clubs.
- Obter os mellores resultados nos distintos Campionatos Galegos de cada Categoría, así como nas ligas galegas de cada categoría.
- Participar co maior nº de nadadores posíbel nos distintos Campionatos de España desta tempada.

Caranza-Ferrol, o 12 de setembro de 2008

A DIRECCIÓN TÉCNICA DO CLUB NATACIÓN FERROL - ELINCO